

NDP: Día Mundial dos Animais , 4 outubro

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, con motivo da conmemoración do Día Mundial dos Animais o próximo 4 de outubro, insta á Xunta a elaborar os plans de recuperación e conservación das especies en perigo de extinción.

Ao longo deste texto, o carácter do termo “biólogo” enténdese como neutro e fai referencia a biólogos e biólogas, en aras de incorporar a perspectiva de xénero á profesión.

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia insta á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia para que impulse a elaboración dos plans de recuperación e conservación das especies ameazadas. Na actualidade, o Decreto 88/2007, que regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas, inclúe preto de 200 especies, das cales 76 atópanse clasificadas como en perigo de extinción. Este grupo inclúe 2 algas, 4 líques, 2 musgos, 7 fentos, 35 plantas superiores, 4 moluscos, 4 artrópodos, 3 réptiles, 13 aves e 2 mamíferos.

Con todo, a día de hoxe, unicamente existen tres plans de recuperación aprobados das 76 especies incluídas no catálogo: son os do Sapoconcho común (*Emys orbicularis L.*), a Píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus L.*), e a Escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitánica Steinbacher*). Este atraso na aprobación de plans para outras especies en situación crítica compromete gravemente a súa viabilidade e pon en risco a biodiversidade galega.

É fundamental que se definan de maneira urxente e precisa as medidas necesarias para eliminar o perigo de extinción destas especies. Os plans de recuperación son ferramentas esenciais para asegurar a conservación da biodiversidade, ao abordar non só a protección directa das especies, senón tamén a xestión do seu hábitat e os factores de risco asociados, como a degradación ambiental ou as alteracións causadas por actividades humanas.

Do mesmo xeito, instamos á Xunta de Galicia a desenvolver plans de conservación para as especies catalogadas como vulnerables (125 especies). Estes plans deben incluír a protección dos hábitats críticos para estas especies. A preservación destes ecosistemas é esencial para garantir a viabilidade a longo prazo das especies vulnerables e evitar que a súa situación deteriórese, levándoas a entrar na categoría de en perigo de extinción.

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia subliña a importancia de que todas as decisións relativas á conservación de especies e á xestión da súa contorna natural baséense na mellor evidencia científica dispoñible. A adopción de medidas baseadas en criterios científicos é esencial para garantir un equilibrio entre a preservación da biodiversidade e o desenvolvemento das actividades humanas, minimizando así o impacto negativo sobre as especies e sobre os ecosistemas.

COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA

3 de outubro de 2024

Máis información: COBGA: 682546054 (Pablo Fernandes, Xerente)